

Leptoglossus occidentalis Chinche americana do piñeiro

Leptoglossus occidentalis é un chinche (Orden Hemiptera) que se alimenta do zume de xemas, piñóns e piñas en formación, que acaban sendo inviables para a xerminación, responsable da caída de produción do piñón en España.

É orixinaria do oeste de Estados Unidos. As primeiras citas en Europa son do ano 1.999, no Norte de Italia. Actualmente atópase distribuído por unha ampla zona do centro e sur de Europa, incluída España. Dentro de España citouse por primeira vez en Cataluña no ano 2.003. No ano 2.010 xa se atopaba estendida polo este da Península e en Galicia, nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Actualmente é unha especie cunha alta capacidade de dispersión, principalmente utilizando a vía de entrada dos portos de alta capacidade comercial.

Nas zonas de orixe, aliméntase das especies *Pseudotsuga menziessi*, *Pinus spp.* e *Larix occidentalis*, nestas zonas considérase unha praga, sobre todo nos viveiros de sementes de coníferas. Ten unha gran capacidade invasora e adáptase ben ao medio. Os lugares onde se atoparon exemplares de *Leptoglossus occidentalis* en España están relacionadas cos bosques de coníferas

Os danos son causados tanto polas ninfas como polos adultos durante a alimentación, estes absorben o contido de piñas e piñóns. Esta alimentación provoca a diminución da capacidade de xerminación das sementes.



Atópanse exemplares durante todo o ano, sendo máis frecuente entre os meses de outubro a decembro, debido a que os adultos buscan refuxio para hibernar como: niños de paxaros, construcións humanas... para logo emerxer a finais da primavera. Unha vez que emerxen, aliméntanse de conos e inflorescencias. As femias poñen ovos a finais de maio. As ninfas pasan por cinco estadios antes de pasar á fase adulta. Nas rexións temperadas só acadan unha xeración ao ano.

Dado o seu comportamento gregario poden xerar alarma entre a poboación pero non causan danos aos humanos.

As medidas para o seu control pasan por programas de divulgación, para ter un coñecemento da especie como especie exótica e se poidan tomar medidas de control nos primeiros momentos; e actuacións encamiñadas para o posible control biolóxico con especies autóctonas depredadoras que poidan realizar un control da especie.

Na actualidade existe un grupo operativo co obxectivo, entre outros, de dar solución a ameaza que supón para os produtores de piñón o chinche do pino. Entre os fins deste grupo, atópanse o coñecemento da dinámica poboacional do insecto e atopar un produto fitosanitario efectivo.